

CONSIDERACIÓNS SOBRE A DEVOCIÓN POPULAR NA PARROQUIA DO "S. CRISTOVO DA CERVELA" (INCIO.- LUGO).

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

Sobre o concepto de devoción popular hai moita confusión e ambigüidade. Así fálase do catolicismo popular, da relixión popular, da piedade popular, da fe popular, etc. Isto motiva que sexa difícil definir a relixiosidade do pobo, xa que é todo un mundo de sentimentos, ritos, manifestacións prácticas, etc.¹

Sen embargo a relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus rasgos especiais. Cada comunidade vive e manifesta a fe dun xeito propio. A relixiosidade popular vai ligada a elementos folclóricos e populares, que son manifestacións da identidade dun grupo humano.

«Unha relixiosidad es popular cuando se configura con ese pueblo y expresa el sentir del mismo».²

É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. Por elo para comprendela sexa conveniente ter en conta o pasado, o que na actualidade lle rodea, os rasgos do lugar, o estilo das persoas, como viviron o cristianismo, que é o que herdaron dos séculos pasados, que é o que cada unha das xeracións recibiu e aportou.

«Es popular lo que el pueblo crea. También, lo que recibe, asimila y hace propio».³

Polo tanto a relixión de cada grupo humano é unha colección viva de cantos, ritos, vivencias, que un pobo vai xuntando no transcurso da súa historia.

I.- O SANTUARIO.-

Unha das manifestacións básicas da devoción popular encóntrase no santuario. Este é un lugar de culto, simbolizado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial, ó que acoden devotos pertencentes a distintas comunidades coa finalidade de pregar da imaxe sagrada a súa intercesión ante diversas peticións, entre as que sinalo: recuperar a saúde, ter un feliz parto, boas colleitas, curación das doenzas animais... ou cumprir unha serie de promesas á devandita imaxe, despois de que esta lles concedese as peticións solicitadas.

1.-TOSCHI, P.: *Guida allo studio delle tradizioni popolari. Serie di Antropología, etimología e religione*, 5ª ed., Boringheri, Torino, 1974, p. 24.

2.-D. BOROBIÓ.: *Religiosidad popular en la renovación litúrgica; criterios para una valoración*, Phase 89, Barcelona, 1975, p. 347.

3.-ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La religión del pueblo*, Defensa de sus valores, B.A.C., Madrid, 1976, p. 36.

«Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva».⁴

Nos santuarios réndese culto á divindade representada por Cristo (Ecce-Homo) e unha serie de mediadores, como distintas advocacións da Virxe e diferentes imaxes de santos-as. Tamén se venera algunha reliquia dalgún santo.

«El santuario es un templo en el que se venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo de especial devoción».⁵

Os santuarios adquiriron unha devoción popular ó mostrarse as súas imaxes propiciatorias ante moitas rogativas.

«Un santuario se distingue por la devoción de la gente y no por una característica histórica o artística inherente al edificio o institución».⁶

«El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local».⁷

Os santuarios son espacios da divindade, que entrañan certo misterio.

«El santuario es un centro de la potencia divina, un mundo en si, por ello ni si elige ni se hace, se encuentra y se acepta como tal, porque se fundamenta en el misterio».⁸

Finalmente Xosé Antón Miguélez na análise que fai sobre os santuarios, distingue os seguintes elementos: **«a vivencia do social vencellado a uns lugares e obxectos concretos; o predominio da emoción sobre a racionalidade; a cosmovisión estática e non histórica; o carácter popular pouco institucionalizado».**⁹

Na devandita parroquia hai dous santuarios, adicados ó S.Roque e á Sta.Lucía.

4.-PRAT I CAROS, Joan.: *Los Santuarios Marianos en Cataluña. Una aproximación desde la etnografía*, artículo del libro *La Religiosidad Popular. III. Hermandades, Romerías y Santuarios*, Edt. Anthropos, Barcelona, 1989, p. 227.

5.-MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1987, p. 13.

6.-WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: De los Santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días. En *Temas de Antropología española*. Ed. de Carmelo Lisón Tolosana, Edt. Akal, 1976, p. 86.

7.-CEBRÍAN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia* (Diócesis de Santiago de Compostela), Edita Arzobispado de Santiago de Compostela, Santiago, 1982, p. 6.

8.-GONZÁLEZ COUGIL, Ramiro.: *GALICIA. La religiosidad gallega adecuada a una litúrgica inculturada*; Vol. I, Diputación Provincial de Ourense, 1985, p. 53.

9.-MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón.: "Relixiosidade popular galega. Aproximacións e chamadas", *Estudios Mindonenses, Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol*, Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo- El Ferrol y Publicaciones de Caixa Galicia, T. 2, 1986, p. 248.

1.- ANÁLISE DO SANTUARIO DO S. ROQUE.-

É un pequeno santuario local situado no lugar de Penelas que dista 17 km. da capital municipal.¹⁰

Desde o punto de vista artístico o santuario é unha capela cuberta a tres augas, que ten unha porta adintelada; espadana dun vano e o pavimento de laxes de pizarra. No seu interior unha imaxe do S.Roque, de 0,80.¹¹

Ata fai uns cinco anos a festividade celebrábase o 16 de agosto. Viñan devotos non só da Cervela senón tamén doutras parroquias limítrofes pertencentes os municipios do Incio, Sarria, Paradela e Bóveda preferentemente.

Estes pregaban ó santo a súa intercesión ante unha serie de rogativas, entre as que sinalo: curar as doenzas dos animais - vacas, porcos..., recuperar a saúde, ter boas colleitas... ou cumprían unha serie de ofrecementos ó santo logo de que éste lles concedese as peticións requiridas.

Os devotos levaban a cabo unha serie de ofrecementos, a saber:

A.- Oían a misa solemne da unha ou unha e media da tarde, concelebrada polo párroco da parroquia e outros cregos de parroquias limítrofes.

B.- Logo participaban na procesión, que presentaba a seguinte estrutura en función dos elementos que interviñan nela.

- a.- Cruz e pendón do santuario.
- b.- A imaxe do S.Roque, levada en andas por catro fregreses da parroquia.
- c.- Cregos concelebrantes.
- d.- Devotos en xeral, colocados sen distinción de idade e sexo.

A procesión ía ata unha fonte, chamada «o pozo», onde o crego da parroquia bendecía tódolos anos a súa auga, que era bebida e levada en botellas para as súas casas por bastantes devotos. A auga empregábase normalmente cunha finalidade profiláctica.

Tódolos que participaban no ritual da procesión ían cantando, no seu recorrido, unha serie de estrofas alusivas ó santo, que comezaban da seguinte maneira. **«Roque, santo peregrino, líbranos de peste y males...».**

A procesión ten como finalidade sacar ó exterior a imaxe sagrada, que santifica todo o espacio que recorre.

«Pero en otros muchos casos la procesión no se limita a circunvalar la ermita, sino que va hasta las encrucijadas, montes, ríos... hasta los lugares maléficis para santificarlos».¹²

C.- Algúns devotos pasaban os seus panos e outros obxectos pola imaxe do S.Roque. Estes no seu contacto coa imaxe quedaban santificados, utilizándose cunha finalidade protectora e curativa.

10.-Palabra "PENELA". G. Enciclopedia Gallega, Santiago, 1974, T. 24, p. 157.

11.-VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, T. II, 1975, p. 168.

12.-MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Obr; cit.*, p. 176.

D.- Nourora a maioría dos devotos levaban de ofrenda centeo e botábano por riba da imaxe do S.Roque, que estaba colocada no centro dunha colcha, coa finalidade de tentar cubrila co devandito cereal.

O cereal no seu contacto coa imaxe sagrada quedaba sacralizado. Por iso moitos devotos, despois de facer a ofrenda, levaban para as súas casas un pouco de centeo para botarillo os animais: galiñas, porcos ... cunha finalidade profiláctica e curativa.

«...los animales y los frutos del campo que adquieren el carácter de reliquias después de estar en contacto con lo sagrado. Una vez en casa santifican, es decir, previenen de todo mal, a los demás animales, y a los demás frutos...»¹³

Na actualidade non hai ningún culto na devandita capela, xa que hai uns cinco anos que está deslousada, sen que ninguén se preocupase ata momento por reparala.

2.- ANÁLISE DO SANTUARIO DA STA. LUCIA.-

Este santuario está situado no lugar de Airexe, que ten 18 habitantes e dista 15 km. da capital municipal.¹⁴

Desde o punto de vista artístico o santuario é unha igrexa parroquial, de estilo románico, cun pequeno recinto de adro-cemiterio.

«Nave a dos aguas, cubierta de pizarra, sobre madera, atada con seis vigas tirantes. Muros laterales semirrevocados de cal;....robusta cornisa decorada con cuadros entrelazados por sus ángulos.

Portada de arco de medio punto, con dos arquivoltas de baquetón, muy similares. Impostas lisas, biseladas, sobre el muro. Tímpano con cruz patada.....; jambas lisas, en arista.

Abside más bajo y reducido que la nave, con laterales protegidos por contrafuertes, uno por lado. Un ventanal en la parte posterior, con arco de medio punto, de arquivolta tórica.... Se apoya en columnas monolíticas.

El arco triunfal de medio punto, doblado y de arista viva.

La arquivolta exterior se apoya, a través de las impostas, en el muro. Semicolumnas adosadas soportan la arquivolta interior.... Capiteles, el izquierdo con relieve de aves afrontadas y opuestas, capitel derecho, hojas de acanto y cuerdas intercaladas.

Pinturas murales en el interior del ábside, parecen posteriores a la época de la iglesia. En el lateral derecho se distinguen tres figuras humanas con sencillas coronas radiantes. Sacristía en el lateral norte. En el retablo, sen valor, Cristo, S.Cristobal, S.Roque, Virgen con Niño. Piezas del siglo XVII».¹⁵

Antano a festividade se celebraba o día propio adicado a Sta.Lucía, é dicir, o 13 do nadal. Mais a frecuencia das chuvias e o feito de que os días eran moi curtos deslucía a festa de cara ó exterior. Isto motivou o seu cambio para o mes de agosto.

13.-Ibidem, p. 189.

14.-Palabra "Airexe". *G. Encilopedia Gallega*, Santiago, 1974, T. 1, p. 185.

15.-VALIÑA SAMPEDRO, Elías. *Obr. cit.*, pp. 166-168.

«Tradicionalmente estas festas se venían celebrando en la propia festividade de Sta. Lucía, es dicir, el 13 de diciembre. Pero, como dicen los vecinos más viejos del lugar, «si non chovía, nevaba, así que cambiámola para agosto».¹⁶

Na actualidade a festividade da Sta. Lucía se celebra o derradeiro domingo do mes de Agosto, acudindo devotos non só do municipio de Incio senón tamén doutros municipios próximos como Sarria, Bóveda, Paradela, Monforte e tamén da capital da provincia.

Os devotos pregan á santa a súa intercesión ante as doenzas da vista ou realizan unha serie de promesas á santa, despois de que ésta lles outorgase as peticións requiridas.

2.1.- AS PROMESAS.-

A unidade básica de relación entre a persoa e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste normalmente nun contacto directo e sagrado, de forza moral, entre a persoa e Deus, por medio dunha serie de intermediarios ou mediadores como son as distintas advocacións da Virxe e os Santos.

«Pra chegar con mais seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxen...»¹⁷

Por tanto a promesa á divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente no que as relacións humanas móvense normalmente en función do sentido da reciprocidade pragmática e na actuación dos intermediarios que teñen como finalidade acadar certas metas a cambio do diñeiro ou dunha posterior prestación cando chegue o momento oportuno.

«Cando o campesiño mercantiliza as súas relacións relixiosas... o que tenta é traducilas a unha dialéctica coñecida, que lle proporciona dúas vantaxes fundamentais: a comprensión pragmática dunha interacción, de por si misteriosa, entre natural e sobrenatural, e unha certa seguridade ou dereito emanante da reciprocidade co intermediario»¹⁸

En ámbolos dous santuarios pódense distinguir tres modelos de interacción entre os devotos e a divindade, representada polo S.Roque e pola Sta.Lucía.

1º.- A promesa xeralmente é condicional, e dicir, primeiramente a divindade, por medio do santo ou santa, concede a petición ós devotos e logo estes executan a promesa; trátase dun cumprimento «a posteriori». A este tipo de promesa dásele os nomes de «Ofrenda Condicionada»¹⁹ e «Petición Condicional»²⁰

2º.- Algúns devotos veñen a solicitar, suplicantes, a mediación do santo ou santa ante calquera problema, cumprindo unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso os distintos rituais e ofrendas que os devotos levan a cabo teñen lugar antes de que lles sexa concedida a petición.

16.-LÓPEZ VILLARABID, Víctor: "Danzantes de "A Cervela", *Artigo do diario de Lugo "El Progreso"*, 31-8-89.

17.-MOREIRA SANTIAGO, Xosé: "A relixiosidade popular no sector rural". *rev. Encrucillada*, n.º 9, Ed. Sept., Vigo, 1978, p. 64.

18.-GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da razón galega, entre o nós-mesmos e o nós-outros*, Edicións a Nosa Terra, Vigo, 1993, p. 153.

19.-GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Obr. cit.*, p. 154.

20.-WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid, tecnos, 1978, p. 134.

Este tipo de promesa recibe tamén os nomes de «**Ofrenda Propiciatoria**»²¹ e «**Devo-
ción Peticionaria**»²²

3º.- Finalmente hai devotos que acoden tódolos anos por algunha rogativa conce-
dida pola divindade noutrora. A este tipo de promesa dásele tamén o nome de «**Ofrenda de
Acción de Gracias**»²³

Os devotos cumpren unha serie de promesas.

A.- Participan na novena, adicada á santa, que se celebra na igrexa parroquial uns
días antes da súa festividade.

Entre os actos que se levan a cabo na novena distingo os seguintes:

- 1.-Rezo do Sto. Rosario e celebración da Sta.Misa.
- 2.-Lectura dos salmos acerca da santa.
- 3.-Oracións para cada día e oracións xerais.
- 4.-Rogo do devoto á santa.

Para **Rosendo Alvarez Gastón** a celebración da novena presenta algúns elementos
que convén distinguir:

**«a.- Participa en ellas un número notable de fieles, superior al que asiste habitual-
mente a los normales culto parroquiales... b.- Se despiertan sentimientos, recuerdos,
vivencias religiosas arraigadas. c.- Son una oportunidad para revitalizar el culto.»**²⁴

B.- Oen a misa solemne da unha da tarde, que é concelebrada polo crego da parro-
quia e outros cregos de parroquias limítrofes. Hai anos, ademais da misa solemne,
celebrábanse outras tres ou catro no transcurso da mañá.

C.- Ofrecen unha esmola e un cirio.

D.- Tocan cos seus panos a imaxe da santa e logo pásanos polos ollos. Os panos no
seu contacto coa imaxe quedan sacralizados, usándose cun obxectivo profiláctico e cu-
rativo.

E.- Ó rematar a misa solemne, chega unha comitiva formada por varias persoas de
ámbolos sexos que, ataviadas ben con traxes rexionais ou con mantillas floreadas sobre os
ombros, entran no interior da igrexa para sacar en procesión as imaxes do S.Antonio, do
S.Roque, do S.Cristovo, da Sta.Lucía e da Virxe do Rosario que están enfeitadas con
espadanas, follas verdes e flores do lugar.

A procesión recorre o espacio situado a carón do adro e da a volta ó redor dunha
cruz de ferro para volver ó seu lugar de orixe.

As imaxes, que saen na procesión, santifican todo o espacio que recorren. «...la
imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y los animales, sino también a
todo el entorno geográfico...»²⁵

21.-GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Obr. cit.*, p. 154.

22.-WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Obr. cit.*, 1978, p. 134.

23.-GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Obr. cit.*, p. 154.

24.-ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.:*Obr. cit.*, B.A.C., Madrid, 1981, p. 7.

25.-MARINO FERRO, Xosé Ramón.: *Obr. cit.*, p. 175.

2.2.- A DANZA DOS ARCOS.-

Fora da igrexa hai catro danzaríns, que agardan a saída da procesión para empezar a danza. Levan posto camisas brancas, pantalóns negros con franxas vermellas na súa parte inferior, mantillas floreadas sobre os ombros, sombreiros enfeitados con colonias e uns arcos adornados con cintas de diversos cores.

Os seus nomes son.

Xavier López Rodríguez, Clemente López Leizao, Xosé Manuel López Rodríguez e Manuel Torres Díaz. Case todos levan danzando uns seis anos baixo a coordinación de Manuel López González, que foi danzante durante uns trinta anos. Outros promotores desta danza foron Xosé Rodríguez, Clemente López Loureiro etc.

O ritual da danza celébrase inicialmente coa procesión detida e logo en movemento. No ritual lévanse a cabo unha serie de cerimoniais.

1ª.- «As Venias» á Virxe do Rosario que se fan en parellas e os catro xuntos, dúas e tres veces cara adiante e outras tantas cara atrás. Isto faise tamén cos arcos xuntos -de dous en dous-.

2ª.- «As Volteretas ou Corros» que teñen lugar ó redor da Virxe.

3ª.- Fan unha «**media volta**» ó redor da Virxe, tres veces.

4ª.- «**Os Repasos**», que se dan a toda a procesión dun xeito normal, é dicir, dous danzantes por cada lado, cruzándose despois de cada imaxe tanto ó baixar como ó subir. Tamén fan o repaso os catro en fila de a un cos arcos xunguidos. Estes repasos rematan sempre diante da Virxe do Rosario ó redor da cal sempre dan unha voltereta.

5ª.- Case ó rematar a primeira parte os danzantes bailan un punto de muiñeira ata chegar o primeiro santo.

Na segunda parte, cando a procesión se pon en movemento, repítense as mesmas cerimoniais variando únicamente o nivel cuantitativo das mesmas.

«Ó son da muiñeira os chavales empezan a bailar e facer unhas cerimoniais a Virxen. Primeiro fan unha de dous en dous. Fan a primeira cerimonia, pasan por detrás de la Virgen e cruzanse, o que iba pola dereita ben pola izquierda e o que iba pola izquierda ben pola dereita. Os segundos fan o mesmo, van de dous en dous, son cuatro. E logo fan dúas adiante e dúas atrás, de dous. Logo tres adiante e tres atrás, de dous. E logo xa se xuntan os catro e fan tres adiante e tres atrás.

Logo empezan a facer a voltereta, forman un corro diante da Virxen. Acto seguido xuntan os arquillos de a dous e volven a empezar cas mesmas cerimoniais, primeiro unha, logo duas, despois tres e fan outra volta desas. Despois fan unha media vuelta, tres veces. Logo volven facer outra voltereta. Logo fan o repaso que se chama, diante da Virxe. Logo outra voltereta. Despois poñense de dous en dous e fan o repaso a toda a procesión. Empezan a camiñar un por cada lado, en cada santo cruzanse, ó baixar e ó subir e ó chegar diante da Virxen do Rosario que e donde terminan sempre as funcións fan outra voltereta. Logo empezan outra cerimonia cos arquillos enganchados en fila de a un, os cuatro, e van facer outro repaso arredor da procesión e ó chegar a xunto da Virxen, volven facer outra voltereta. E logo xa dan media volta e bailan un punto de muiñeira por aquí abaixo hasta chegar donde está o primeiro santo. Termina a primeira parte. A procesión sigue, ven dar a volta o cruceiro e sigue. Eles esperan ahí outra vez e ó subir volven a empezar as mesmas

ceremonias, pero agora a procesión xa non está parada, polo cal fan as ceremonias que lles quepan nese traecto»²⁶

Antano había seis danzantes e un personaxe ó que algúns lle chamaban «o Bruxo», «Pomponiges» e outros «Felo». Levaba posta unha careta de trazos sinistros e portaba unha escornacabra -arbusto de madeira dura o que lle saen as flores en forma de racimos-. Este personaxe -segundo **Víctor López Villarabid**- "tenía" como función repartir lategazos a modo de los cigarróns y peliqueiros de Laza. Antiguamente, la actuación del «Pomponiges» y sus lategazos a otros danzarines fueron motivo, en más de una ocasión, que la procesión terminase en verdadera reyerta; otras veces, el desquite se producía al final de la ceremonia ²⁷

Outra interpretación sobre a función que tiña este personaxe era a seguinte: o devandito personaxe ía diante dos danzantes afastando a todas aquelas persoas que puidesen impedir, por falta de espacio, que os danzaríns bailasen ó redor das imaxes que saían na procesión. Nesta segunda interpretación podemos apreciar certo paralelismo coa función que tiña «O Meco ou Felo», no santuario da Ermida (Queiroga).²⁸

A orixe da danza é incerto e hipotético. De tódolos xeitos sabemos con seguridade que a devandita danza xa existía en Galicia a mediados do século XVI, como nolo recorda **Pérez Constanti** ó facerse eco dos seguintes acordos consistoriais do ano 1565.

«Que los oficios e cofradías e mayordomos dellas para la procesión y regocijo de Corpus, agan cada uno de ellos las danzas que hicieron el año pasado, y ansy les repartieron a cada uno de dichos oficios lo que abia de hazer en la manera siguiente:.....a los sastres, su danza de espadas con que ellas bayan muy bien aderesçadas.....y al oficio de Sto. Thomé que son pedreros y carpinteros, lleven una danza de arcos muy bien hecha.....»²⁹

Por outra banda existe algunha referencia bibliográfica e tamén arqueolóxica que me leva a establecer a hipótese de que esta danza puidese ser orixinaria dos primeiros séculos medievais e mesmo antes. Así en 1790 **D. Gaspar Melchor de Jovellanos** tratando na súa memoria sobre os espectáculos das romaxes, pensaba **«que debían de haberse creado por la mayor parte en la primera época medieval, y que las danzas que en ellas se hacen debían de haberse ideado también por entonces...»³⁰**

Con respecto á referencia arqueolóxica hai que ter en conta a opinión que nos dá **M.R.Pombo**, que tenta dar unha orixe pagán a devandita danza, logo cristianizada, ó relacionar ó danzante pétreo que hai nun baixo relevo do monumento romano de Sta. Eulalia de Bóveda (Lugo) cos danzaríns da Cervela.

26.-Informante da cervela, chamado Manuel López González que é o que dirixe na actualidade a importante "Danza dos Arcos".

27.-LÓPEZ VILLARABID, Víctor.: Artigo do diario "El Progreso", xa citado.

28.-BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel.: "La devoción popular en el Santuario de La Hermida (Queiroga)", *Lucus, Boletín Informativo de la Excm. Diputación de Lugo*, n.º 42, p. 36.

29.-PÉREZ CONSTANTI, Pablo.: *Notas viejas galicianas*, Santiago, 1926, T. II.

FRAGUAS, Antonio.: Palabra "Danza", *G. Enciclopedia Gallega*, Santiago, 1974, T. 8, p. 224.

30.-CARO BAROJA, Julio. *El estío festivo, Fiestas populares del verano*, Taurus, Madrid, 1984, p. 108.

«Los danzarines de Cervela portan arcos engalanados por multitud de pequeños trozos (tiras) de colores, y es aquí la cierta similitud con el danzarín pétreo que existe en un bajo relieve del monumento romano de Sta. Eulalia de Bóveda (Lugo), puede ser cierto que nada haya en común pero también nos cabe la posibilidad de que estemos ante unas claras reminiscencias folklóricas de origen pagano, que, con el decorrer de los tiempos fueron adaptadas a las fiestas religioso-populares»³¹.

Neste monumento romano hai outro relevo con cinco figuras danzantes que sosteñen grinaldas ou algo similar por riba das súas cabezas que moi ben puideran ser arquiños, co que se segue mantendo a posibilidade da devandita relación.

«A ambos lados de la parte exterior del pórtico hay dos relieves con figuras danzantes (en grupo y aisladas) sosteniendo guirnaldas o algo similar por encima de la cabeza».³²

Na actualidade esta danza é a única que pervive na provincia de Lugo no seu xénero. Sen embargo non hai moitos anos había unha danza similar no santuario da Virxe de Guadalupe (S. Victorio-Saviñao) e tamén nunha parroquia do municipio de Bóveda, chamada Remosar. «...parece que también en Remosar, localidad del municipio de Bóveda, cercana a Cervela, se mantuvo durante años una tradición semejante»³³

No santuario da Virxe de Guadalupe inicialmente houbo catro parellas de danzantes, ficando logo en tres, que se adicaban a facer «as venias» á Virxe, a realizar «repasos» por toda a procesión e logo «volvoretas» ó redor da Virxe.

Levaban unhas castañolas que era un instrumento músico de percusión composto de dúas pezas cóncavas de madeira, en forma de cuncha, ligadas cun cordel ós dedos que as fan bater unhas contra outras. A vestimenta era moi semellante á dos danzantes da Cervela, destacando unhas mantillas de diversas cores que levaban postas sobre os ombros.

Este ritual desapareceu hai uns vintecinco anos aproximadamente. Sen embargo no recordo dalgunhas persoas do lugar aínda fican os nomes dalgúns danzantes como Manuel Gacio Carrasco, Jesús do Vallecas, Manuel López do Vallecas, Pablo do Rosende, Alfredo do Xaquín, etc.

No santuario da Virxe da Saúde, hai moitos anos había a «Danza dos Paos» que na actualidade está case esquecida. Nesta danza inicialmente participaban oito danzantes, que ían diante da procesión, catro a cada lado, facendo soar entre eles os paos que levaban nas súas mans. Ó rematar a procesión colocábase no campo da festa unha alta pértega da que pendían cintas de distintas cores, cada unha das cales era collida por un danzante. Logo facíase a danza arredor da pértega entrelazando as cintas e bailando no sentido oposto para deixalas na súa posición orixinaria. Este ritual desapareceu nos anos corenta deste século.

31.-R. POMBO, M.: Leyendas. "Un baile ritual en honor a Sta. Lucía". *Suplemento de la Revista Lucus* n.º 42, 1994, p. 55.

32.-ARIAS VILA, Felipe.: Palabra "Sta. Eulalia de Bóveda", *G. Enciclopedia Gallega*, T. 4, p. 38.

33.-LÓPEZ VILLARABID, Víctor. Artigo do diario *EL PROGESO*, xa citado.

De tódolos xeitos esta danza foi representada dunha maneira illada nalgún acto tradicional das festas de Chantada e o grupo «**Luar na Lubre**» grabouna nun disco, grazas a que o director do grupo de gaitas «Os Barrios», Graciano Argiz, coñecía aínda a súa música.³⁴

2.3.- A FESTA PROFANA.-

Neste santuario séguese facendo a festa profana.

A festa nos santuarios abre a comunidade ó exterior por medio do baile e a comensalía cos parentes e amigos doutros lugares. Por medio da comensalía renóvanse as relacións non só entre amigos senón tamén entre as diferentes casas da familia.

«Los centros parroquiales se convierten en punto de reunión de parroquias vecinas, con la colaboración de la íntima fiesta familiar de cada casa y de sus parientes extra-comunitarios».³⁵

«...hai unha multitude de xente, maiormente mozos, que veñen o día da festa. Estes visitantes, mozos, veñen só pola tarde para bailar».³⁶

Por outra banda tanto nas festas patronais como noutras asociadas a pequenos santuarios, aparte do elemento de comunicación co exterior, hai que ter en conta o elemento de cohesión da comunidade parroquial. A festa serve para manifestar a cohesión interna do lugar, sendo o santo a súa peza fundamental, ó ser o símbolo da comunidade.

«El santo preside formas sociales particulares, modos locales de convivencia, y reciprocidad, experiencias cotidianas de trabajo y ocio, vivencias acumuladas de crisis y sufrimiento...»³⁷

A cohesión como grupo móstrase no intento de emular por medio da festa coas comunidades veciñas, de tal xeito que os outros núcleos de poboación poidan darse conta do esplendor, do luxo da festa, da súa grandeza, do número de músicos, das bombas empregadas, etc.

Finalmente a festa convértese nunha forma de liberación da sensibilidade, xa que é o momento no que se consinte a ruptura das normas e regras que presionan e reprimen a conducta dos membros dunha comunidade. **«La fiesta es siempre un rito de paso. Ella marca el paso de un año a otro, y para efectuar este paso, está siempre tentada de decretar una inversión de las concepciones y de las conductas de la vida corriente de las que sale durante la fiesta para poder volver a entrar renovado y cambiado».**³⁸

34.-RODRÍGUEZ PORTO.: "La Romería da Saúde". Artigo do diario *El Progreso*. 5-9-89.

35.-FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: *Antropología de un viejo paisaje gallego*, Centro de Investigaciones sociológicas, Ed. S. XXI, Madrid, 1984, p. 259.


36.-MANDIANES CASTRO, M.: *Antropología dunha parroquia galega*, LOURESES, Galaxia, Vigo, 1984, p. 120.

37.-LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: *Antropología social y hermenéutica*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1983, p. 60.


38.-PITT RIVERS, Julián.: "L'identité locale vue à travers la fête", *Coloquio Hispano-Francés, Culturas Populares, Diferencia, Divergencias, Conflictos*, Universidad Complutense, Madrid, 1986, p. 19.



Na danza da Cervela interveñen dúas parellas de danzaríns que levan posto camisas brancas, pantalóns negros con franxas vermellas na súa parte inferior, sombreiros enfeitados con colonias e mantillas floreadas sobre os ombros. Nas súas mans levan uns arcos adornados con cintas de diversos cores



No santuario da Sta. Lucía os devotos levan a cabo ofrendas en metálico. Estas recólleas un fregrés da parroquia ou sancristán mentres se celebra a misa solemne. Os devotos tamén soen deixalas nun dos petos que se atopan no interior do recinto sagrado




Unha devota pasa o manto da Virxe polos seus ollos cun obxectivo: previr ou curar algunha doenza visual




Logo a mesma devota pasa a súa man polos ollos cunha finalidade profiláctica ou curativa


*Unha devota pasa a súa man
dereita pola imaxe
da Sta. Lucía*



Os catro danzaríns dan unha voltereta arredor da Virxe, en fila de a un e cos arcos xinguidos



Os catro danzaríns realizan "unhas venias", adicadas á Virxe do Rosario, que consisten en ir a carón dela; facerlle unha inclinación e logo volver sobre os seus pasos. Isto faise tres veces




As imaxes da Sta. Lucía e do S. Roque, enfeitadas con flores e follas do lugar, son levadas en andas na procesión por devotos da Cervela, que levan unhas mantillas floreadas sobre os ombros




A imaxe da Sta. Lucía enfeitada con flores do lugar

MAPA PROVINCIAL



MAPA 1

MAPA MUNICIPAL



MAPA 2